



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

IX RUTA – CONCURSO “TAPA A ANGUÍA”

Bases reguladoras para a IX Ruta – Concurso “Tapa a Anguía” co gallo de incentivar o sector servizos apostando pola calidade e profesionalidade dos locais de restauración do concello de Valga.

PREÁMBULO

A XXXII Festa da Anguía e Mostra da Caña do País, considerada Ben de Interese de Galicia, é a celebración que máis visitantes atrae ao Concello de Valga. Esta festa gastronómica enxalza os dous produtos máis destacados do concello, ademais serve de escaparate para o turismo e centros hostaleiros locais.

Por este motivo, e coa intención de contribuír á promoción turística e hostaleira, o concello de Valga elabora unhas bases de subvencións para a IX Ruta – Concurso “Tapa a Anguía” dentro dos eventos programados para a XXXII Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

BASES DA CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR A IX RUTA – CONCURSO “TAPA A ANGUÍA” DENTRO DA XXXII FESTA DA ANGUÍA E MOSTRA DA CAÑA DO PAÍS DO CONCELLO DE VALGA

1. OBXECTIVO

O obxectivo das presentes bases é regular as condicións da IX Ruta – Concurso “Tapa a Anguía”.

2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

A cantidade destinada a esta convocatoria será de:

- 280 euros, en vales en cuñas publicitarias na radio municipal, realizándose o gasto con cargo á partida 338489,00.
- 300 euros, en vales de compra en comercios locais, realizándose o gasto con cargo á partida 338489,00.
- 720 euros, en mandís e trofeos, realizándose o gasto con cargo á partida 3380226,09.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. PARTICIPANTES

Na Ruta - Concurso “Tapa a Anguía” diferenciaranse dúas categorías de participación:

- Participantes en calidade de entidades hostaleiras: Considéranse participantes as entidades hostaleiras que concorran nas condicións establecidas nestas bases.
- Participantes en calidade de clientes/as: Considéranse participantes as persoas físicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

A participación das entidades hostaleiras condicionarase a:

- Que desenvolva a súa actividade, contando con todos os requisitos legais, no concello de Valga.
- Que elabore unha tapa propia e a ofrezca gratuitamente dentro dos horarios establecidos, ata fin de existencias.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

5. EMISIÓN DOS PREMIOS E VALES

O concello de Valga emitirá premios e vales respecto das distintas categorías de participación. Deste xeito repartirase o presuposto dispoñible da seguinte maneira:

- Premios para os/as participantes en calidade de entidades hostaleiras:
 - Premio do xurado: Ser unha das tapas que se servirá na festa do ano seguinte, mandil de “ouro”, vale de 100 euros en cuñas publicitarias na radio municipal e trofeo conmemorativo.
 - 1º Premio do público: Mandil de “ouro”, vale de 100 euros en cuñas publicitarias na radio municipal e trofeo conmemorativo.
 - 2º Premio do público: Mandil de “prata”, vale de 50 euros en cuñas publicitarias na radio municipal e trofeo conmemorativo.
 - 3º Premio do público: Mandil de “bronce”, vale de 30 euros en cuñas publicitarias na radio municipal e trofeo conmemorativo.

- Premios para os/as participantes en calidade de clientes:
 - O concello emitirá 10 vales de 30 euros. Os vales poderán ser empregados en calquera comercio do concello de Valga.

Estes vales serán entregados durante os días da celebración da XXXII Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

6. REQUISITOS PARA A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A

Non poderán obter a condición de beneficiarias dos bonos regulados nestas bases as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

7. RUTA - CONCURSO

A ruta - concurso rexerese polos seguintes apartados:

- Categorías:

A ruta - concurso baséase en dúas categorías:

- En calidade de entidade hostaleira.
- En calidade de clientes/as.

- Procedemento:

A ruta - concurso seguirá os seguintes procesos para cada unha das categorías:

- Procedemento para participación das entidades hostaleiras:

As entidades hostaleiras deberán inscribirse segundo o prazo e forma establecidos nestas bases.

O concello de Valga aportará unha cantidade de anguía, igual para todas as entidades participantes e calculada para un total de 8 servizos de tapas.

A entidade deberá presentar a tapa coa que vai a concursar, para facer unha fotografía que se empregará para a difusión da ruta - concurso.

Durante as datas e horarios establecidos, deberán ofrecer as tapas, cinguíndose á receita presentada, ata remate de existencias.

Tamén deberán facilitar, en calquera formato, información sobre a tapa e a maneira de participación que teñen os/as clientes/as.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

- Procedemento para a participación de clientes/as:

Cada cliente/a terá á súa disposición, en calquera das entidades participantes, un tríptico informativo, no que disporá de tres apartados a cubrir:

- Apartado de selado:

Cada participante deberá selar o total de apartados destinados a este efecto. Solicitará a cada entidade hostaleira que lle selen unha casiña despois de facer a súa consumición. No caso de que a entidade hostaleira non tivese selo, terá igual efecto a sinatura da persoa ao cargo do servizo.

- Apartado de datos persoais:

Cada participante deberá cubrir os seus datos persoais para participar no sorteo dos vales de compra.

- Apartado de mellor tapa:

Cada participante deberá cubrir o nome da tapa que máis lle gustou e, que debe ser coincidente cunha das entidades que tivesen o selo posto no mesmo tríptico.

Unha vez cubertos todos os apartados, os/as participantes deberán depositar o tríptico nunha urna que poderá atopar en calquera das entidades hostaleiras que concursen.

- Datas e horarios:

- A ruta – concurso levarase a cabo os días 20, 21, 27 e 28 de agosto de 2020 en horario de 12:00 a 15:00 horas e de 20:00 a 23:00 horas.
- A parte de concurso dentro da ruta – concurso cinguirase exclusivamente aos días 20 e 21 de agosto, quedando os días 27 e 28 como días de degustación sen estar incluídos dentro da fase de concurso.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

- Resolución e anuncio público dos premios:
 - O xurado fará o recuento de votos entre o total dos trípticos depositados pola clientela e determinará as entidades hosteleiras premiadas.
 - O xurado determinará que entidade é a gañadora do premio do xurado.
 - O sorteo dos premios para a categoría de clientes/as farase de maneira pública dentro das actividades da Mostra da Caña do País do día 27 de agosto.
 - A publicación das obras premiadas farase pública nos días da celebración da XXXII Festa da Anguía e Mostra da Caña do País, durante os actos presenciais e na páxina web www.valga.gal.

8. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes de participación como entidades hostaleiras será ata o 10 de agosto de 2022 ás 14:00 horas.

As solicitudes de participación deberán formularse a través do modelo específico para esta ruta – concurso. O concello facilitará os modelos de solicitude de maneira física ou telemática a todas as entidades que o soliciten.

As solicitudes deberán ser presentadas por rexistro ou a través da sede electrónica do concello de Valga.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

9. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A PARTICIPACIÓN

Ademais dos requisitos establecido no artigo anterior, as entidades hostaleiras participantes deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos no artigo 13 da da Lei Xeral de Subvencións.

10. TROCO E VIXENCIA DOS VALES

Os vales poderán trocarse no concello de Valga, polos/as gañadores/as.

Os vales deberán ser trocados a partir do transcurso dunha semana dende a súa entrega e quedarán sen vixencia no prazo dun mes dende o inicio do período de troco.

11. VIXENCIA DOS VALES

Os vales deberán ser trocados a partir do transcurso dunha semana dende a súa entrega e quedarán sen vixencia no prazo dun mes dende o inicio do período de troco.

Os vales que non sexan canxeados antes da data límite perderán automaticamente a súa validez.

Ademais, no caso dos vales da categoría de clientes/as, estes deberán utilizarse pola contía íntegra nun so local comercial do concello de Valga.

12. ENTIDADES PARTICIPANTES

Poderán ter a consideración de entidades participantes aquelas entidades hostaleiras que estando ubicadas no concello de Valga, se atopen dados de alta no padrón do Imposto de Actividades Económicas en Valga. O cumprimento deste requisito será verificado de oficio polo concello de Valga.

Tamén poderán ter a consideración de entidades participantes aquelas entidades hostaleiras que non estando dados de alta no padrón do IAE en Valga por distintas razóns legais, están en posesión da licenza de actividade emitida polo concello de Valga.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

As entidades participantes terán a consideración de entidades colaboradoras, de conformidade co establecido no primeiro apartado do artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións, séndolles de aplicación o réxime xurídico previsto en dita norma legal para as entidades colaboradoras na xestión de subvencións.

13. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A OBTENCIÓN DA CONDICIÓN DE ENTIDADE PARTICIPANTE

Ademais do requisito establecido no artigo anterior, as entidades participantes deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

As entidades solicitantes deberán entregar co concello de Valga o impreso de solicitude debidamente cumprimentado en todos os seus apartados.

14. SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE

Cando a instancia da solicitude tivese algún erro ou estivesen incompletas, outorgarase ás entidades interesadas un prazo de cinco días hábiles para corrixir os defectos detectados. Transcorrido o prazo sen que se houbera feito, darase por desestimada a súa solicitude de adhesión.

15. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será o alcalde do concello de Valga

16. OBRIGAS DAS ENTIDADES ADHERIDAS

Son obrigas das entidades adheridas, ademais das sinaladas para as entidades colaboradoras no art.15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei, as que se sinalan a continuación:

- Comprometerse á recepción e colocación dos materiais publicitarios, que reparta o concello, nun lugar visible.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

- As entidades hostaleiras participantes comprométense a cumprir rigorosamente coas datas e horarios establecidos no artigo 7 das presentes bases.
- Tratar de acordo cos principios de igualdade de trato a toda a súa clientela, velando especialmente pola transparencia e igualdade de condicións no reparto de trípticos participativos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Respetar, no marco das súas actividades, a igualdade de xénero.

17. OBRIGATORIEDADE DE CESIÓN

O/A gañador/a do primeiro premio terá a obrigatoriedade de ceder a receita da tapa elaborada, ao concello de Valga, xa que esta tapa será incluída, de ser posible, nas tapas de degustación que se ofrecerán na seguinte edición da Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

18. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DO XURADO

O xurado estará composto por un mínimo de tres e un máximo de cinco compoñentes. Os/as compoñentes serán persoas coñecedoras do produto e a súa elaboración entre as que estarán un número variable de compoñentes vinculados/as á cociña profesional.

O xurado resérvase o dereito a deixar deserto o concurso baixo os criterios de adecuación ao obxectivo da ruta - concurso ou á calidade necesaria.

As decisións do xurado serán inapelables.

19. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios dará lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 19.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

20. INFRACCIONES E SANCIONES

O concello de Valga reservase o dereito de poder eliminar da adhesión a toda aquela entidade hostaleira que non cumprise cos distintos apartados establecidos nestas bases reguladoras.

21. RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

22. ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado.

A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre convinte, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.



CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 – 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

concello.valga@eidolocal.es

www.valga.gal

FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE

IX Ruta - Concurso “TAPA A ANGUÍA”

1. DATOS DO ESTABLECEMENTO

NOME:

ENDEREZO:

2. DATOS DO/A TITULAR

NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

DECLARA

Primeiro: Ser representante do comercio de referencia e que ostenta poder suficiente para exercela e que en uso desa representación, solicita a súa adhesión á IX Ruta – Concurso “TAPA A ANGUÍA” .

Segundo: Que coñece as bases da IX Ruta – Concurso “TAPA A ANGUÍA” e fai constar a súa conformidade e aceptación das expresadas bases a cuxo efecto manifesta:

Terceiro: Que non se atopa en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003.

E para que conste asina a presente declaración en Valga, a ____ de _____ de 2022.

Asdo.: